



XUNTA DE GALICIA



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA DESENVOLVER MEDIDAS PREVISTAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

En Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte: Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte: Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 94/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 185, do 27 de setembro) e segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social. A Comunidade Autónoma galega ostenta competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, en materia de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.





Así mesmo, a Comunidade Autónoma galega ostenta competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, en materia de vivenda.

SEGUNDO.- Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

TERCEIRO.- No mes de setembro de 2017, aprobáronse o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, así como o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. A partir deles articulouse o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que consta de 10 eixes e un total de 292 medidas competencia tanto da Administración Xeral do Estado, como das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

Finalmente, no Boletín Oficial do Estado do 4 de agosto de 2018 publicouse a Resolución pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, consignándose a partir dese momento os fondos correspondentes nos orzamentos da Secretaría Xeral da Igualdade.

CUARTO.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, de 27 de abril, de creación do IGVS, podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

QUINTO.- O 6 de marzo de 2019 asinouse un acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o IGVS para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Ao abeiro deste acordo o IGVS realizou unha convocatoria de subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o ano 2019, con financiamento plurianual. O 17 de abril de 2019 asinouse unha Addenda Técnica a este acordo.





SEXTO.- Tendo en conta importante grado de acollida destas axudas que se manifestan como un mecanismo útil para asegurar a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as vítimas da violencia de xénero, ambos os dous departamentos consideran conveniente asinar un acordo de colaboración financiar unha nova convocatoria deste programa, así como para a concesións das prórrogas das axudas xa recoñecidas.

Por todo o exposto, as partes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste acordo o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o IGVS, para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se refiren a asegurar a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as vítimas da violencia de xénero (medidas 75, 168 e 215 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/pactoEstado/docs/Documento_refundido_PEVG_.pdf

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O IGVS comprométese a continuar xestionando unha liña de axudas destinada a facilitar o acceso a unha vivenda, en réxime de alugueiro, para as vítimas de violencia de xénero a través do programa do bono de alugueiro social. Para estes efectos, establecerá unha nova convocatoria en 2020, de axudas específicas, dando continuidade así ao programa iniciado en 2019

No texto da convocatoria que se elabore deberá deixarse constancia de que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola CCAA).

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asume o compromiso de contribuír ao financiamento dos gastos necesarios derivados da realización do obxectivo deste acordo de colaboración, no importe e con cargo á aplicación orzamentaria que se sinala na cláusula seguinte.

TERCEIRA.- Financiamento

No acordo asinado o 6 de marzo de 2019, modificado pola addenda técnica de 17 de abril de 2019, establecéronse os seguintes importes da anualidade 2020:

Anualidade 2020 do acordo asinado o 6/03/2019	
BONO ALUGUEIRO	675.000,00 €
PERSONAL TÉCNICO DE REFORZO	52.663,72 €





Estes importes figuran dotados no orzamento 2020 do IGVS, logo da oportuna modificación orzamentaria autorizada.

Despois de tramitar todas as solicitudes de axudas presentadas na convocatoria do ano 2019 do Programa de bono alugueiro para vítimas de violencia de xénero, na aplicación 07.83.451B.480.3, proxecto 2019 00009 do IGVS resultou no ano 2019 un remanente de 955.896,00 € (na modalidade de fondos 3011) que non acadou a fase de recoñecemento de obrigas.

Ademais, nas aplicacións do capítulo I do IGVS, proxecto 2019 00009, resultou un remanente de 33.059,81 € (na modalidade 3010), que non acadou a fase de recoñecemento de obrigas.

Dado que estes remanentes de fondos finalistas relativos ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero están amparados por ingresos finalistas dende o Estado prevese a súa incorporación ao orzamento do IGVS no ano 2020.

Co crédito asinado no ano 2019 para a anualidade 2020 na aplicación 07.83.451B.480.3, proxecto 2019 00009 (675.000,00 €) máis o importe que se prevé incorporar dos remanentes que non acadaron a fase de recoñecemento de obrigas do ano 2019 nese proxecto, o IGVS disporá, no ano 2020, dun importe suficiente que permitirá facer fronte aos compromisos plurianuais asumidos en 2019 para 2020, ás imputacións de compromisos correspondentes ao exercicio 2019 que non acadaron a fase de recoñecemento de obrigas nese exercicio, á nova convocatoria de axudas en 2020, á concesión das prórrogas das axudas xa recoñecidas e tamén á dotación adicional precisa para os gastos de persoal para o resto do ano 2020. Para dotar o crédito adicional que precisará o IGVS en 2020 para o persoal de reforzo, tramitará as solicitudes de expedientes de modificación orzamentaria que procedan para transferir crédito entre o capítulo IV e I no proxecto 2019 00009.

Por tanto non se estima precisa unha achega adicional para o ano 2020 para as aplicacións dos capítulos I e IV do proxecto 2019 00009 do IGVS na anualidade 2020 neste novo acordo, pero si para o ano 2021, de xeito que se poidan asumir os compromisos plurianuais da nova convocatoria de 2020, a concesión das prórrogas das axudas xa recoñecidas e os gastos do persoal en 2021.

Tendo en conta estes antecedentes a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.480.2 (Proxecto 2018 00112), dos orzamentos da Secretaría Xeral da Igualdade, os fondos necesarios para facer fronte aos compromisos plurianuais que se vaian adquirir do capítulo IV para o ano 2021, así como dos gastos do persoal técnico de reforzo necesarios para a anualidade de 2021, polos importes que se sinalan de seguido:

Nova Aportación	Anualidade 2021
BONO ALUGUEIRO	950.000,00 €
PERSOAL TÉCNICO DE REFORZO	156.974,32 €

A axuda do programa bono alugueiro poderá ser obxecto de dúas prórrogas anuais ás persoas beneficiarias iniciais, se así se establece na oportuna convocatoria que realice o IGVS, e sempre que se dispoña da correspondente dotación económica con cargo ao citado Pacto de Estado, sen que en ningún caso se poda superar a duración temporal do citado Pacto de Estado (31.12.2022).





XUNTA DE GALICIA



Os fondos transferidos a través do presente acordo destinaranse ao cumprimento do obxecto establecido na cláusula Primeira, que queda condicionado ao efectivo financiamento destas axudas por parte do Ministerio de Igualdade, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

CUARTA. Xustificación das Actuacións

O IGVS debe facilitar á Secretaría Xeral da Igualdade antes do 1 de febreiro das anualidades 2021 e 2022, a información necesaria sobre a execución financeira dos fondos transferidos, a través dun certificado que se axustará ao modelo que figura como anexo ao presente Acordo de colaboración, así como os datos estatísticos precisos para o seguimento do programa, en concreto o número de solicitudes e de persoas beneficiarias desglosados por provincias, así como canta información resultara preciso para a avaliación final.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo, facilitar o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, efectos ou a súa resolución, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

-Por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A persoa titular da Secretaria Xeral da Igualdade, ou persoa que dispoña para que a substitúa, e unha persoa funcionaria da Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero

-Por parte do IGVS: A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, ou persoa que dispoña para que a substitúa, e unha persoa funcionaria do IGVS

O réxime de funcionamento e os acordos da comisión axustaranse ao establecido no capítulo II Sección Terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SEXTA.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

As partes poderán modificar, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o acordo en calquera momento.

SÉTIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA



As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seranlle de aplicación o establecido no art. 18 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico.

OITAVA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste acordo manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo as persoas asinantes deste acordo manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal

E, en proba de conformidade cos termos do Acordo, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e
Vivenda e Presidenta do IGVS

Ángeles Vázquez Mejuto



XUNTA DE GALICIA

ANEXO

En cumprimento do establecido no Acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Instituto Galego de Vivenda e Solo) para desenvolver algunhas das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, comunícanse os datos referidos á execución no ano 2020*, das actuacións que se recollen no seguinte cadro:

Aplicación orzamentaria	Denominación Actuación	Asignación (Euros) (1)	Compromiso de Crédito (2)	Obrigas Recoñecidas (3)	Pagos Realizados (4)	Remanentes (1)-(2)	Obrigas Pendentes de Pago (3)-(4)
	TOTAIS						

*Datos a 31/12/2020

Lugar, data, de mes de 2020

Vº Bº O/A Interventor/a

O/A Director/a Xeral do IGVS

(sinatura e selo)

(sinatura e selo)